



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.



Comunicado nº 217/15
03 de Novembro de 2015

❑ LICENCIAS VETADAS EXERCICIO DE 2016 E VINDEIROS

Tal como se puxo de manifesto polo representante legal da “Federación Galega de Automobilismo”, na asemblea da R.F.E.de A. o pasado 12 de Outubro de 2015, notificouse que en Galicia non serán expedidas, nin poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de licencias que otorgan dereitos restrinxidos os deportistas, e que non permiten a súa integración plena na “Federación Galega de Automobilismo”, incumpren o disposto na Lei 3/2.012, de 2 de Abril, do deporte de Galicia.

<i>Tipo de licencia :</i>	<i>Abreviatura:</i>
Piloto restrinxido	ER
Copiloto restrinxido	COR
Piloto para un só evento	PPP
Copiloto para un só evento	PPC
Médicos JOM	JOM
Permiso participación Karting	PPK

A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, estas outorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación Deportiva Galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita súa integración na Federación Deportiva correspondente, con dereito a voto nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo”.

En consecuencia as licencias que esta federación non pode expedir nin autorizar a súa participación, por aplicación legal, impedirían que os seus titulares se integrasen con plenos dereitos, na “Federación Galega de Automobilismo”.

Dito comunicado ponse en coñecemento dos afiliados, os efectos oportunos, para a súa aplicación a partir do primeiro de Xaneiro de 2016.

Requisito obrigatorio:

Para solicitar a Licencia Autónoma Única de Galicia 2016 terase que presentar unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade, debidamente asinada polo solicitante, en donde indique que o seu lugar de residencia é Galicia.

De non telo terase que presentar un certificado de empadramento en Galicia.

Por acordo dos dezasete presidentes de federacións autonómicas de automobilismo, cada **deportista ou oficial** ten que solicitar e aboar a súa licencia no lugar onde resida para non crear conflitos competenciais nin económicos.

O presente comunicado é de obrigado cumprimento para as probas “estatais e autonómicas” a celebrar na Comunidade Autónoma de Galicia, a partir do primeiro de Xaneiro de 2016, e do seu incumprimento darase traslado o “Tribunal Galego de Apelación” da Federación Galega de Automobilismo.